

FUNCIÓNS DOS EQUIPOS DE EMERXENCIA

As accións a emprender en caso de emerxencia levaranse a cabo polo persoal do centro presente no momento da emerxencia.

A estes efectos poderanse conformar nos centros equipos de emerxencias con tarefas específicas para actuación en caso de situación de emerxencia.

Son equipos de emerxencias cos que poden contar os centros da USC os seguintes:

1. Director do Plan de Actuación ante Emerxencias (XEFE DE EMERXENCIAS)
2. Xefe de Intervención (XI)
3. Equipo de Alarma e Evacuación (EAE)
4. Equipo de Primeira Intervención (EPI)
5. Centro de Control e Comunicacions (CCC)
6. Equipo de Primeiros Auxilios (EPA)

De seguido indícanse posibles tarefas ou funcións que serían propias dos integrantes destes equipos. A ter en conta ao respecto que o exercicio destas funcións non debe implicar a esixencia de responsabilidades, habida conta que algunhas destas tarefas pode requirir unha formación específica previa.

1. Director do Plan de Actuación en Emerxencias (Xefe de Emerxencias)

- É o responsable da activación do Plan. Ten a máxima autoridade durante a situación de emerxencia e ata a chegada das axudas externas.
- Declara a correspondente situación de emerxencia e notifícao ás autoridades competentes de Protección Civil.
- Ao recibir o aviso de emerxencia, diríxese ao lugar do suceso ou ao Centro de Control e Comunicacions e avalía o tipo de emerxencia e toma as decisións que correspondan.
- Ordena a evacuación, en caso necesario, ao Equipo de Alarma e Evacuación.
- Mantén o contacto cos equipos de emerxencia.
- Ordena ou realiza as chamadas de axuda aos Servizos de Axuda Exterior, ben directamente ou a través do teléfono de emerxencias 112.
- Infórmase do resultado da evacuación.
- Supervisa as operacións de control da emerxencia.
- Recompila a información necesaria sobre a emerxencia ao obxecto de informar ao mando dos Servizos de Axuda Exterior á súa chegada.
- Recibe ás axudas externas, localiza e preséntase ao mando destas e segue as súas instrucións.
- Unha vez finalizada a emerxencia, colabora activamente na investigación do suceso.

2. Xefe de Intervención (XI)

- Ao recibir a alarma diríxese ao lugar da emerxencia.
- Valora a emerxencia e asume a dirección e coordinación dos equipos que interveñan nela.
- Decide as accións a emprender: extinción, evacuación ou avisar a bombeiros ou ambulancias.
- Coordina as actuacións dos distintos equipos de emerxencias, evitando o traballo de persoas de forma illada.
- Informa ao Director do Plan de Actuación en Emerxencias da situación e das posibles accións a emprender co fin de controlar o incidente.
- Delega funcións nos membros do Equipo de Primeira Intervención.
- De acordo coas indicacións do Director do Plan de Actuación en Emerxencias, ponse a disposición do mando dos Servizos de Axuda Exterior, no momento da súa chegada, para prestarlles a súa axuda nas tarefas auxiliares.
- Se a emerxencia non se pode controlar, da a orde de evacuación xeral do edificio e comproba, no punto de reunión, que todas as persoas están a salvo.
- Se houbese algunha persoa lesionada, solicita asistencia sanitaria ou ordena o seu traslado ao centro sanitario apropiado.
- Á chegada dos Servizos de Axuda Exterior, infórmaos das accións levadas a cabo, cédelles o mando e préstalles a axuda que soliciten.

3. Equipo de Alarma e Evacuación (EAE)

- Procura unha evacuación total e ordenada do área/sector afectado, en caso necesario.
- Procura a evacuación dos ocupantes de xeito progresivo e ordenado, deica o exterior, a través das vías de evacuación establecidas.
- Segue os protocolos de evacuación tendo en conta as características físicas e/ou psíquicas de empregados e/ou usuarios, características dos percorridos de evacuación e obstáculos.
- Comproba que os equipos de emerxencia que estean a actuar dispoñan de saída libre.
- Percorre rapidamente a zona evacuada, comprobando que todos os ocupantes (empregados e usuarios) saísen e que non queda ningún lesionado ou oculto.
- Pecha todas as portas que atravesen para atrasar a propagación do lume.
- Diríxese ao punto de reunión e realiza un reconto. Se detecta a ausencia dalgún dos ocupantes informa inmediatamente ao Director do Plan de Actuación en Emerxencias ou ao Xefe de Emerxencia.
- Ten en conta a posibilidade de que algunhas persoas da súa zona ou sector pertencen a algún dos equipos de emerxencia actuantes.
- Pregunta aos visitantes, de existir, sobre a posibilidade de acompañantes, familiares ou outras persoas que non tivesen podido abandonar o lugar da emerxencia.
- Vela por que as persoas evacuadas permanezan no lugar de reunión exterior seguro, informando da prohibición de volver a entrar.
- Unha vez pasada a emerxencia colabora no restablecemento da normalidade.
- Durante a evacuación:
 - Tranquiliza ás persoas evacuadas.
 - Axuda ás persoas que polo seu estado o requiran.
 - Impide que as persoas evacuadas volvan a entrar no edificio ou na zona evacuada.
 - Impide o uso dos ascensores (en caso de existir).

4. Equipo de Primeira Intervención (EPI)

- Adopta as medidas de autoprotección axeitadas para salvagardar a súa integridade.
- Inicia a extinción cos extintores dispoñibles na zona ou, se esta actuación non ten éxito ou supón un risco realizala, informa ao Xefe de Intervención.
- Baixo ningún concepto permanecerá unha persoa soa realizando tarefas de extinción ou de calquera outro tipo que entrañe risco para a súa seguridade.
- Permanece sempre en contacto co Xefe de Intervención, informándoo do resultado das accións realizadas.
- Actúa baixo a supervisión do Xefe de Intervención e sempre en grupos de dúas persoas, como mínimo.
- Pide relevo de forma inmediata se se encontra fatigado, ten síntomas de debilidade ou sofre mareos ou náuseas.
- Se houbese persoas na zona, axúdalles a saír colaborando co Equipo de Alarma e Evacuación.
- Se se agrava a situación, colabora na evacuación da zona co Equipo de Alarma e Evacuación.
- Pecha todas as portas e ventás para evitar o avivamento do lume e a propagación do fume.
- Axuda aos Equipos de Axuda Exterior, á súa chegada, se estes o solicitan.

5. Centro de Control e Comunicaci3ns

- Ao recibir a alarma a través dunha persoa, transmítea a:
 - Director do Plan de Actuaci3n en Emerxencias.
 - Xefe de Intervenci3n e Equipo de Primeira Intervenci3n.
 - Servizos de Axuda Exterior.
- Ao recibir a alarma a través da instalaci3n de detecci3n autom3tica e/ou interruptores manuais de alarma:
 - Transmítea ao Director do Plan de Actuaci3n en Emerxencias.
 - Transmítea ao Xefe de Intervenci3n.
 - Agarda confirmaci3n da emerxencia polo Xefe de Intervenci3n.
 - Transmítea aos Servizos de Axuda Exterior.
- Realiza as petici3ns de axuda indicadas polo Director do Plan de Actuaci3n en Emerxencias e os Servizos de Axuda Exterior.
- Permanece no seu posto mentres sexa seguro, interrompendo as comunicaci3ns co exterior e deixando unha ou m3is li3as libres para comunicaci3n cos Servizos de Axuda Exterior e as petici3ns de axuda exterior que soliciten o Xefe de Intervenci3n ou os Bombeiros.

6. Ficha de Equipo de Primeiros Auxilios (EPA)

- Presta asistencia aos feridos como consecuencia da emerxencia.
- Prepara 3 v3tima para unha posible evacuaci3n.
- Se fose preciso, solicita a súa evacuaci3n a centros sanitarios, decidindo as prioridades, segundo a gravidade de cada paciente, e mantendo rexistro dos centros a onde foron evacuados.
- Informa 3s axudas externas sanitarias, 3 súa chegada, das posibles lesi3ns das v3timas e de todo tipo de informaci3n que poida ser de utilidade aos servizos asistenciais de cara a unha r3pida intervenci3n destes.
- Unha vez controlada a emerxencia, solicita informaci3n do estado das persoas evacuadas, transmitíndoas ao Director do Plan de Actuaci3n en Emerxencias, que 3 súa vez, informará aos familiares.
- Finalmente, rep3n o equipo e medicamentos, deix3ndoos en condici3ns de servizo para unha nova situaci3n de emerxencia.